

PEZA DO MES

abril


2002



TABOLEIRO DECORATIVO

TABOLEIRO DE MADEIRA DE NOGUEIRA CON DECORACIÓN PLATERESCA QUE PUIDO PERTENCER Ó DESAPARECIDO CORO DE SAN ESTEVO DE RIVAS DE SIL, REALIZADO A MEDIADOS DO SÉCULO XVI.





ESPAIDARES DO CORO DE SAN ESTEVO DE RIVAS DE SIL. ÁLBUM DA COMISIÓN DE MONUMENTOS.

TABOLEIRO DECORATIVO

A raíz da revisión das fichas do inventario e catalogación da sección de Belas Artes realizada no últimos anos, atopámonos con que nalgunhas fichas da sección de talla en madeira non figuraba o lugar de procedencia ou había dúbidas sobre ela. Situación fácil de comprender por tódolos avatares polos que pasaron moitas destas pezas, a maioría delas dos fondos da Comisión de Monumentos ou procedentes da Desamortización, e por outra parte o lapso de tempo transcorrido entre a súa recolección e o momento no que se comezou a face-la súa catalogación dunha maneira sistemática. Ó estudar e cotexar detidamente a antiga documentación da Comisión de Monumentos e o seu arquivo de fondos fotográficos percibímonos de que podiamos chegar a concilia-la información desa documentación con algunhas destas pezas, chegando así a formular algunhas hipóteses sobre a súa posible orixe. En concreto, coa peza que

hoxe presentamos, un tableiro de madeira de nogueira de forma rectangular de 123 cm. de alto por 46,8 de ancho y 4 cm. de grosor, con N° de inventario 638 .

Decórase a peza cunha talla en baixorrelevo con motivos de estirpe plateresca dispostos en perfecta simetría; dun motivo gallonado, que asemella un xarrón, parten uns vástagos con acantos estilizados e terminacións curvadas a modo de roleos, rematados en flores que evocan ás dos cardos conformando unha elegante follaxe. Enmarca a táboa unha sinxela moldura, perdida case por completo no seu lado esquerdo.

Estes paneis decorativos foron moi empregados dentro da estrutura arquitectónica dos primeiros retábulos renacentistas, ben servindo como fondo a outras esceas ou como temas independentes, ensamblados en diversos lugares do conxunto. Vémoslos tamén formando parte da decoración de portas como os que, procedentes da sancristía da antiga Colexiata de Valladolid, hoxe consérvanse no Museo Catedralicio, ou decorando monumentos funera-

rios e fachadas noutro tipo de materiais. Pero, sen dúbida, o seu uso máis común foi como taboleiro decorativo na parte alta dos espaldares ou nos gardapós dos cadeirados dos coros, dos que temos significativos exemplos en Galicia tanto no coro da Colexiata de Xunqueira de Ambía como no da Catedral de Mondoñedo, ámbolos dous da primeira metade do século XVI. Dende o punto de vista do estilo, como xa dixemos, é plenamente renacentista, sen embargo moitos dos motivos iconográficos aúnan todavía a temática medieval e a renacente. Rastrexamos resabios góticos nesa natureza un tanto exuberante, como gracia divina, representación simbólica do novo Pasaíso e que recorda os belísimos libros de horas dos séculos XIV e XV, ou na utilización do tema do “salvaxe”.

Complementando o estudio tipolóxico e estilístico da peza coa bibliografía e documentación existente, pódese chegar a considerala como pertencente ó desaparecido coro da igrexa do mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil. A primeira ficha de inventario realizouse en 1947 por don Basilio Osaba, por aquel entón director do Museo, nela consta que foi adquirida pola Comisión, sen especificar data de ingreso nen procedencia, facendo a continuación unha someira descrición dela.

En 1921 no Boletín da Comisión de Monumentos, tomo VI, don Cándido Cid transcribe e publica a escritura do contrato polo que, a finais do século XVI completouse parte do coro de San Estevo de Ribas de Sil; o contrato con data de 15 de novembro de 1592 indica que *“... ante el escribano Rodrigo Navarro, Fr. Vitor de Nagara, abad del monasterio de Santiesteban de rribas de Sill de la hordn de nro glorioso padre San Benito de oserbanca y fray Alº Barrantes prior Pedro de Baldes y fray... que somos todos monjes conventuales y del consejo de dicho monasterio otorgamos por esta carta y decimos que somos concertados conbenidos y yguales con Alº López entallador y vzº de la ciudad de Orense queste presente que el susodicho haga al dho. Nuestro monasterio ocho sillas y dos puertas y cinco remates de sillas que faltan en las que hestan hechas en el coro las cuales dhas sillas puertas y remates a de ser hecho todo ello*

de buena madera de nogal seca y curada y todo ello a de ser echo a talla y a nivel y de labor que las demas sillas que en dho coro y correspondiente a ellas de suerte que sea toda labor una sin diferencia ninguna.... “do que se desprende a existencia dun coro que nestes momentos se repara ou se completa, o que nos leva a supoñer unha data para o primeiro coro de mediados do século XVI, que coincidiría co momento de realización da nosa peza.

Por outra banda, temo-la sorte de coñece-la descrición deste desaparecido coro, gracias a un artigo, de 1900, de Arturo Vázquez Núñez: *“..... sobre ella está colocado el coro alto, que fue de no escaso mérito a juzgar por algunos respaldos que aun se conservan, exquisitamente tallados en el gusto del Renacimiento florentino, con elegantes arabescos, figuras grotescas y follaje... ”*. Segundo esto vemos que parte do coro xa non estaba completo, dato que podemos por en relación co feito de que polas mesmas datas ingresan, según consta nas Actas da Comisión de Monumentos, unha serie de taboleiros tallados comprados ou doados polos seus membros. E dado o interesa que a Comisión mostrou sempre polo Patrimonio pensamos que recollerían as pezas máis significativas dun monumento que xa, nestes momentos, ameazaba ruína.

Máis información porporciónanos o "Catálogo monumental y artístico de la provincia de Orense" realizado en 1914 por Cristóbal de Castro, no que se constata como fondos do museo seis baixorrelevos procedentes de San Estevo de Ribas de Sil, supomos que parte deles se perderon no desgraciado incendio do Instituto de 1927.

Por último, se cotexamos esta información e peza coas fotografías que do coro de San Estevo realizou a Comisión en 1898, podemos identificala como pertencente ó desaparecido coro ou, cando menos, ós paneis das portas que se citan no contrato realizado en 1592.

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Ana María Veiga Romero. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.
MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L. DEPÓSITO LEGAL: VG-271-2002



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

